

## **POLÍTICA DOCENTE E FORMACIÓN DO PROFESORADO Á LUZ DOS TEXTOS DE ADELA CORTINA E MARTHA C. NUSSBAUM**

### **TEACHING POLICY AND TEACHER FORMATION IN THE LIGHT OF ADELA CORTINA'S AND MARTHA C. NUSSBAUM'S TEXTS**

**M<sup>a</sup> Eugenia Bolaño Amigo**

*Departamento de Teoría da Educación,  
Historia da Educación e Pedagogía Social  
Universidade de Santiago de Compostela*

#### **RESUMO**

A educación en valores é un punto de partida de fundamental importancia para posibilitar o logro da *ética cívica* proposta pola filósofa Adela Cortina e o *cultivo da humanidade* que Martha C. Nussbaum recomenda, dúas maneiras distintas pero equivalentes de aludir á necesidade de ampliar o capital axiolóxico das sociedades educando na democracia e para a democracia, a cidadáns críticos e comprometidos co seu entorno e cos demais. Claves a ter en conta na actuación dos docentes e na súa propia formación.

**Palabras clave:** política docente, formación do profesorado, educación en valores.

#### **ABSTRACT**

Values education is the essential importance point of departure to make possible the achievement of the *civic ethics* suggested by the philosopher Adela Cortina and the *humanity's growing* that Martha C. Nussbaum recommends, two different but equivalent ways of referring the need to increase the axiological capital of societies educating in democracy and for democracy, to critical and engaged citizens with their environment and with others. Keys to consider in teachers intervention and in their own formation.

**Keywords:** teaching policy, teacher training, values education.

#### **CORTINA E NUSSBAUM: REFLEXIÓNS PARA O PRESENTE**

Poderíase afirmar que as pensadoras Adela Cortina e Martha C. Nussbaum están de actualidade porque as teses que defenderon e defenden ao longo da súa traxectoria profesional son presumiblemente contemporáneas. Entendemos aquí por “estar de actualidade” o feito de que “*un asunto que forma parte da nosa realidade, ademais de ser importante de seu, sae á luz por un ou outro motivo e as xentes deron en falar del*” (Cortina, 2000: 17).

Adela Cortina Orts (1947) é unha filósofa valenciana cunha ampla traxectoria profesional no noso país. Catedrática de Ética da Universidade de Valencia e Directora da Fundación ÉTNOR (Ética dos Negocios e as Organizacións), recibiu, no ano 2007, o Premio Internacional de Ensaio Jovellanos. Destacamos os seus libros: *Las raíces éticas de la democracia* (2010); *Ética sin moral* (2008); *Ciudadanos del mundo. Hacia una teoría de la ciudadanía* (2005); *Razón pública y éticas aplicadas: los caminos de la razón práctica en una sociedad pluralista* (2003); *Los ciudadanos como protagonistas* (1999); *El quehacer ético: guía para la educación moral* (1996); *Ética aplicada y democracia radical* (1993). Pola súa adecuación á temática que abordamos destacan os textos *Ética de la razón cordial. Educar en la ciudadanía en el siglo XXI* (2007) e *La educación y los valores* (2000) desta mesma pensadora.

Doutra banda, Martha Craven Nussbaum (1947) trátase dunha filósofa estadounidense, con intereses filosóficos particularmente centrados na filosofía antiga, na filosofía política e na filosofía do dereito e a ética; actualmente é Catedrática de Dereito e Ética na Universidade de Chicago. No pasado ano 2012 recibiu o Premio Príncipe de Asturias de Ciencias Sociais. Podemos sinalar entre as súas publicacións: *Crear capacidades: propuesta para el desarrollo humano* (2012); *Sin fines de lucro. Por qué la democracia necesita de las humanidades* (2010); *Libertad de conciencia* (2009); *Paisajes del pensamiento: la inteligencia de las emociones* (2008); *Las fronteras de la justicia: consideraciones sobre la exclusión* (2006); *El ocultamiento de lo humano: repugnancia, vergüenza y ley* (2006); *Ciudadanos del mundo. Hacia una teoría de la ciudadanía* (2005); *Los límites del patriotismo: identidad, pertenencia y "ciudadanía mundial"* (1999). Debido ao seu interese para os temas que tratamos, tomamos como referencia o libro *El cultivo de la humanidad* (2005) da súa autoría.

Ambas filósofas teñen en común, ante todo, que son figuras influentes e recoñecidas no eido das Ciencias Sociais, alén de ser dúas das voces máis innovadoras da filosofía actual. Estas autoras posúen intereses de partida diferentes (no caso de Nussbaum a Antiga Filosofía grecorromana e, no de Cortina, a Ética discursiva) pero as dúas traballan no ámbito das éticas aplicadas (centrándose particularmente nos campos económico e educativo entre outros), con tendencias cara a filosofía política, a filosofía e dereito (onde xogan un salientable papel na defensa dos dereitos humanos, destacando tamén na defensa dos dereitos da muller e os dereitos dos animais). Cabe aquí dicir que tanto Nussbaum como Cortina se basean explicitamente no pensamento dos clásicos para conducir as súas reflexións, establecendo en ambos casos paralelismos entre as cuestións que hoxe debemos afrontar e as que no pasado se tiñan en conta (achegando esta idea sobre todo no marco educativo).

Un dos aspectos máis destacables que abordan en relación ao panorama actual é a cuestión do desenvolvemento en todos os seus matices e, polo tanto, en atención á educación para un desenvolvemento sostible, pronunciándose ante temas de debate actual como o multiculturalismo e a crise social que vivimos. Vinculado con esta temática e respondendo en parte ás cuestións que na elaboración deste escrito nos interesan, debe mencionarse que outro dos asuntos que as filósofas abranguen nos seus textos é a temática dos valores e a educación en valores<sup>1</sup> como punto de partida fundamental para a consecución do cultivo da humanidade<sup>2</sup> e da ética cívica<sup>3</sup>.

<sup>1</sup> Entende Adela Cortina a educación en valores como aquel conxunto de prácticas que contribúen a “educar a cidadáns auténticos, verdadeiros suxeitos morais, dispostos a obrar ben, a pensar ben e a compartir con

Destá maneira cómpre afirmar que as súas obras aquí seleccionadas se atopan de plena actualidade sendo, ao noso parecer, de lectura obrigada para os reformadores dos planos de estudo que afectan ao sistema educativo en xeral (particularmente, en relación ao ámbito universitario, pronúnciase o texto de Nussbaum, 2005), aos que quizás poderían proporcionar elementos moi notables sobre os que reflexionar sen perder de vista os grandes asuntos que se deberían ter en conta para as reformas que de continuo é preciso afrontar. O feito de que estas obras manteñan o seu vigor intelectual, fainos reflexionar sobre como, na historia da educación e en política educativa permanecen viventes, a pesar do paso do tempo, o tema dos valores entre outras temáticas (probablemente derivadas da controversia ética) que acaso non son atendidas do modo requirido nas reformas educativas (Caride Gómez, 2009), que en certo modo desbordan o clima social e a capacidade de integración de ideas e novidades entre nós.

## TEMÁTICAS E ENFOQUES ABORDADOS POR CORTINA E NUSSBAUM

Nos libros de Adela Cortina e de Nussbaum tomados como referencia, son nitidamente predominantes as inferencias referidas á necesidade de construción dunha ética cívica (no caso de Cortina) ou ben ao máis que conveniente cultivo da humanidade (nos textos de Nussbaum), tendo como punto de partida a necesaria cimentación dun conxunto de valores e principios éticos compartidos por parte dunha sociedade moralmente plural. En palabras de Cortina: “*as sociedades pluralistas necesitan descubrir os procedementos racionais necesarios para decidir conxuntamente que é o máis xusto*” (2009: 21), respondendo aos novos desafíos do século XXI, entre os cales as pensadoras apelan á construción dunha cidadanía intercultural, cosmopolita, flexible e con capacidade de adaptación a novas circunstancias, países e situacións cambiantes propias da postmodernidade. Así, reflexiónase sobre o mundo dos valores que, en xeral, é complexo, no que todo parece que se resolve co subxectivismo (Cortina, 2000), aínda que a cuestión dos valores, como suscita Cortina, non parte das intuicións persoais, senón do cultivo das predisposicións necesarias para *degustalos*, de aí a importancia da educación en valores, consistente en cultivar esas cuestións que preparen para “*degustar os valores*” (Cortina, 2000: 20).

Continuando no contexto da revisión do mundo educativo e, atendendo agora ás reformas de política educativa, pode traducirse dos textos destas autoras que son especialmente necesarias e interesantes as perspectivas amplas sobre os carices máis substanciais da educación que, na meirande parte das ocasións, quedan relegados a un segundo plano (Nussbaum, 2005) por tentar resolver aspectos máis concretos e aparentemente máis operativos das reformas. Estes asuntos trascendentes, que sempre deben estar presentes, coinciden segundo Nussbaum, coas *propostas clásicas*; en

---

*outros acción e pensamento*” (Cortina, 2009: 253), para que, así, a vida compartida poida ter lugar e o nivel moral da sociedade sexa elevado.

<sup>2</sup> O que supón que as persoas desenvolvan o pensamento crítico e autocrítico, sentíndose membros pertencentes (cidadáns) dunha comunidade que engloba a todos os seres vivos, e ampliando, ao mesmo tempo, a capacidade de situarse no plano doutras persoas e comprendelas (Nussbaum, 2010).

<sup>3</sup> A “ética cívica” da que fala Cortina constitúe un conxunto de valores e principios éticos que unha sociedade moralmente pluralista comparte e que permiten aos seus membros construír a vida xuntos.

definitiva, aquelas que conducen ao cultivo da humanidade, para o que é preciso: fundamentar a autocrítica ante toda forma de dogmatismo e imposición de crenzas e coñecementos; posibilitar que todas as persoas nos sintamos membros pertencentes dunha comunidade que abarca a todos os seres humanos e desenvolver a capacidade de situarnos no plano doutras persoas e comprendelas. Esta necesidade de educar na democracia e para a democracia a cidadáns coa capacidade de pensar por si mesmos<sup>4</sup>, cun ollar crítico sobre as tradicións, así como na comprensión da importancia dos logros e sufrimento alleos, está continuamente presente no ideario das autoras.

Nussbaum, concretamente, expón en *El cultivo de la humanidad* que a educación se volveu cada vez máis utilitaria, máis centrada na profesionalización, provocándose con isto un recorte significativo da presenza vivificante das artes e humanidades en todos os niveis educativos. Así, sostén, a perda de saberes e habilidades asociadas á formación humanística está poñendo en perigo a saúde das democracias e a esperanza nun mundo baseado no respecto mutuo entre seres de distintas latitudes e xeografías. Con este diagnóstico, a pensadora advirte sobre o perigo do reduccionismo que implica ver a educación como unha mera ferramenta da economía e valorala unicamente dende a idea da rendibilidade, outorgando un papel desproporcionado á ciencia e á tecnoloxía, e cultivando unicamente habilidades útiles pola súa alta aplicabilidade para a produción e a globalización económica que tanto preocupa aos dirixentes do mundo<sup>5</sup>.

Deste xeito, a autora estadounidense, inspirándose nas ideas da pedagogía socrática, nas consideracións aristotélicas, no pensamento de John Dewey e de Rabindranath Tagore, entre outros, invita, nesta crise da educación e das sociedades democráticas, á loita por volver a ligar a educación ás humanidades, formando para unha cidadanía mundial<sup>6</sup>. Tamén afirma, neste senso, que a presenza indispensable das humanidades nunha educación para a cidadanía non xustificaría o descoido ou o rexeitamento dunha formación axeitada en ciencias sociais e en ciencias básicas e aplicadas; máis ben, o que se desprende da súa análise é indicar que se fai necesario corrixir o desequilibrio na formación actual, na que existe un enfoque educativo predominantemente científico-técnico que incita a un *pensamento único* excluínte do coñecemento das tradicións humanísticas: música, historia, filosofía, e literatura; ámbitos estes que, sen embargo, favorecen o desenvolvemento dunha sensibilidade e comprensión necesarias para afrontar o mundo no que vivimos, caracterizado pola diversidade cultural e necesitado dunha política respectuosa das diferenzas. Debe dicirse que o concepto de humanidades ao que Nussbaum alude vai máis alá do concepto elitista clásico, recollendo un conxunto de disciplinas que responden ás transformacións reais vividas nas sociedades contempo-

<sup>4</sup> Esta central idea, que guiou as maiores formulacións de filosofía educativa, foi exposta por John Dewey hai xa máis dun século a través de diversos textos. Singularmente en *Democracy and Education*, neste caso editada en 1916.

<sup>5</sup> A cuestión, como é coñecido, ten suscitado no presente outras valiosas reflexións, moi en particular arredor da socioloxía crítica da educación, que retomou tamén unha parte dos argumentos das “teorías sociolóxicas da reprodución social”, dando igualmente lugar a ensaios de importante factura, entre os que se podería sinalar, a modo de exemplo, o de Whitty *et alii* (1999).

<sup>6</sup> Suxerindo, con esta conceptualización, unha sociedade de verdadeiros cidadáns, implicados e protagonistas na vida compartida, con metas en común forxadas no mutuo respecto.

ráneas (contidos que inclúen o estudo de culturas non occidentais, novos estudos de xénero, historia das rexións, etc.), revitalizando diversas visións da realidade social para unha cidadanía reflexiva.

Doutra banda, con constantes pronunciamentos na mesma liña que segue Nussbaum, e sempre considerando como marco fundamental das súas teorías a Kant, Habermas e K.O. Apel, Adela Cortina aposta pola educación da razón e das emocións, e non pola mera transmisión de coñecementos científico-técnicos. Aposta por unha ética global para aumentar a liberdade, reducir as desigualdades e potenciar a solidariedade. A autora plantexa a seguinte reflexión:

*“nos cárceres de Abu Ghraib e de Guantánamo, no gulag ruso e nas atrocidades do Gran Paso Adiante, nas matanzas de tutsis en Rwanda e de campesiños en O Salvador ou Guatemala, pero tamén nos centros de ensinanza, cando grupos de alumnos golpean aos máis débiles, quedan sen resposta as preguntas: ata onde podemos chegar cando a presión social arroupa aos desalmados, aos que desprezan a dor e o sufrimento de outros?; por que esa distancia entre as nosas grandes declaracións sobre os dereitos humanos e as relacións da vida cotiá?”* (Cortina, 2007: 38).

A partir desta e outras moitas preguntas a autora propón novas bases para fundamentar unha verdadeira ética da cidadanía, non só baseada en argumentos, senón nunha razón cordial na estela da “razón argumentativa” habermasiana, capaz de aumentar a intelixencia, os sentimentos e a coraxe, arraigando os valores morais nos cidadáns. Desta forma, en tanto que cidadáns posuidores de dereitos e deberes que obrigan a reconsiderar as accións persoais e grupais, debemos orientar principalmente o quefacer cívico cara un horizonte de desenvolvemento social e persoal que poida proxectarse cara unha vida boa e feliz, superando os fundamentos da “ética mínima” xa compartida<sup>7</sup>.

En definitiva, do pensamento de ambas autoras poden extraerse as seguintes propostas deseñables a ter en conta para as reformas educativas e o desenvolvemento equilibrado da nosa sociedade:

- Ampliación do capital axiolóxico que atesouran as sociedades enriquecidas por un capital público.
- Construción dunha cidadanía democrática (responsable, crítica, participativa, cooperativa).
- Non instrumentalización das persoas como medios e fins distintos do expresamente humano, lonxe das manipulacións economicistas.
- Xustiza social.
- Apoderamento<sup>8</sup> das capacidades humanas.
- Responsabilidade por todos os seres vivos.
- Desenvolvemento sostible en todos os sentidos.
- Proxección cara unha vida boa e feliz.
- Educación orientada á vida, á dignidade humana e ao compromiso cos demais.

<sup>7</sup> Ao falar de “ética mínima” Adela Cortina refírese ao “*capital ético compartido sen o que unha sociedade é inhumana*” (Cortina, 2007: 5).

<sup>8</sup> Refírese ao proceso polo cal as persoas (individual ou colectivamente) toman conciencia das súas propias capacidades para poder proxectar ou introducir cambios positivos nas realidades que viven.

## O PAPEL DO PROFESORADO, PARTINDO DAS REFLEXIÓNS DE CORTINA E NUSSBAUM

A formación de docentes, á que aludimos ao falar de Política docente, debe ter en conta na actualidade os desafíos que se lle presentan ante un panorama educativo e social complexo<sup>9</sup> e inquietante tal vez pola súa imprevisibilidade, tendo presente que *“a formación do profesorado ten a honra de ser, simultaneamente, o problema máis grave e a mellor solución en educación”* (Fullan, 2002: 14).

Os docentes universitarios, en particular, xogan un papel de moi considerable envergadura, no senso de que son eles quen deben formar ao profesorado do futuro que deberá afrontar a educación das xeracións vindeiras (Fleck y Prats, 2001). A este respecto pódese dicir que:

*“espérase que os docentes, máis que calquera outra profesión, constrúan comunidades de aprendizaxe, que creen a sociedade do coñecemento e desenvolvan as capacidades para a innovación, a flexibilidade e o compromiso co cambio (...) e espérase tamén que mitiguen e contrarresten moitos dos inmensos problemas que crean as sociedades do coñecemento, tales como un consumismo excesivo, a perda do sentido de comunidade e a ampliación das brechas entre ricos e pobres. En certo sentido, os docentes deben implicarse para acadar á vez estes obxectivos, aparentemente contraditorios”* (Hargreaves, 2003: 19).

Das reflexións das filósofas Cortina e Nussbaum semella que debería expresarse, como un dos puntos indispensables no exercicio docente, que o “ethos”, isto é, a dimensión reflexiva, tería que marcar toda a súa actividade profesional, asumindo así o sentido de esixencia e responsabilidade necesarios e requiridos para que os cidadáns, a través dos seus procesos formativos, poidan integrar esta dimensión e, a partir da súa consciencia, vivir e transparentar os valores encamiñados á ética cívica e ao cultivo da humanidade. Isto pode estenderse á afirmación de que a ética debe impregnar a identidade persoal do profesional docente<sup>10</sup>, así como dos propios procedementos metodolóxicos e recursos didácticos cos que interveña no acto educativo.

A necesidade da formación ética do profesorado para o desempeño do seu papel como educador radicaría, amén do dito, na necesidade de exercer un rol formativo que convincentemente contribúa a impregnar aos estudantes da ética civil e da ética das profesións, así como da conciencia en canto á implicación do alumnado na comunidade política e social á que pertence; converteríanse, deste xeito, en promotores do sentido de cidadanía, poñéndose de relevo, por outra parte, que *“nun mundo entusiasmado co saber produtivo, co “saber facer” (...) resulta sumamente fecundo recordar que o noso contacto coa realidade, o de calquera ser humano, é afectivo”* (Cortina, 2009: 248) e que *“unha adecuada educación emocional prepara mellor para o éxito persoal e social que unha educación limitada á transmisión de coñecementos”* (Cortina, 2009: 250).

Educар neste século haberá de implicar, pois, promover dinámicas que fagan posible contar con cidadáns ben informados, con bos coñecementos, e tamén prudentes no referente á calidade

<sup>9</sup> Con lucidez, Edgar Morin trazou as liñas interpretativas e os significados máis relevantes do que queremos expresar ao falar de complexidade; véxase para o caso: Morin (1990).

<sup>10</sup> Algunhas consideracións deste tipo podemos atopalas en Baptista (2005); en García, Jover e Escámez (2010); en Feito (2006); en Imbernón (2007) e no eloxiado texto de Savater (1997).

e á cantidade; educar a persoas con corazón, nun profundo sentido da xustiza social, cos dereitos humanos verdadeiramente apreendidos: “*educar intelixentemente o desexo e desiderativamente a intelixencia é educar*” (Cortina, 2000).

## **POSIBLES E DESEXABLES POLÍTICAS DE FORMACIÓN DOCENTE CONSTRUÍDAS SOBRE AS IDEAS EXPOSTAS**

Partindo de todas as cuestións aquí enunciadas poden derivarse certas liñas desexables en canto ás políticas de formación docente, encamiñadas a unha formación docente inicial e en exercicio cun notable peso da formación ética, en valores, porque a educación é un acto intencional e, polo tanto, necesariamente axiolóxico, que require dun compromiso ético, traducido en valores asumidos a partir dunha profunda reflexión.

En coherencia con esta afirmación, consideramos que podería ser necesaria a posta en marcha dunha política educativa saudablemente impregnada das mellores mensaxes humanistas e que propoña unha educación ética extensible a todo o sistema educativo, nas ensinanzas básicas, medias e superiores ou universitarias, e cunha notable presenza na formación docente inicial e en exercicio. Unha educación en valores e moral na que a educación de cidadáns implicase, ademais dun enfoque de capacidades humanas, a formación de emocións morais como a empatía, a reciprocidade, a compaixón, a reflexión sensible sobre o sufrimento doutros, o sentimento de vulnerabilidade e o ideal dunha necesidade mutua; porque a reducida incidencia nestas aprendizaxes marca negativamente a débil formación democrática. Os educadores e as educadoras que desenvolvan o seu labor profesional en todo o sistema educativo deben estar o suficientemente formados na fidelidade ao compromiso ético que a súa profesión esixe, traducíndose isto, na conciliación entre a responsabilidade individual e colectiva co pasado (cos valores que nos son dados) e a autonomía racional do ser humano como “autor do seu destino” para sustentar un futuro asentado en valores democráticos.

Partindo do suposto, entre nós aceptado, de que a aprendizaxe é un dereito e un deber na vida de cada persoa, que debe tornarse en permanente nunha sociedade que así o esixe, sabemos que isto require responsabilidade, diversidade de redes, contextos e tipos de formación, e que as políticas educativas deben posibilitar, facendo conscientes, ao mesmo tempo, aos formadores e alumnado destas necesidades. O profesorado debe asumir este grande compromiso como axente educativo porque, como cidadáns que son e coa súa autoridade pedagóxica, poden aportar unha lección de liberdade e de responsabilidade.

Os docentes comprometidos co acto educativo deben aceptar a responsabilidade de influencia, motivando para o esforzo e a disciplina (condicións que sustentan a aprendizaxe autónoma), mediante intervencións e respostas pedagóxicas diferenciadas e contextualizadas, en contornas educativas que deben funcionar, en cada caso, como unidade social con identidade propia, sendo humanista, inclusiva e democrática; ante isto, as políticas educativas deberían, pois, dirixirse á cooperación e á apreensión dos diferentes contornos educativos como un todo.

Ademais, podería cobrarse conciencia sobre a necesidade dunha deontoloxía profesional docente, enraizada na formación do profesorado, partindo da argumentación de que esta outorgaría ao



corpo docente probablemente unha maior cohesión profesional e recoñecemento público (cuestións que camiñan da man). A práctica cooperativa, desenvolvida principalmente nos tempos e espazos de intercambio de experiencias, poderá potenciar dita cohesión favorecedora das facetas profesionais e persoais da persoa, sendo útil tamén de cara á afirmación dos valores identitarios da profesión ante a sociedade e a súa dignificación. A cultura profesional docente desenvolverase tamén na medida en que mostre apertura á actualización da función pedagóxica, ás innovacións do tempo e á propia sociedade. Na procura desta apertura á sociedade xoga un rol determinante a articulación dos valores ético-profesionais non só dun xeito interno, senón de cara exterior como referencia e manifestación dunha identidade colectiva.

Cremos importante suscitar a reflexión nestes termos nuns momentos nos que a discusión sobre as competencias que demanda o mercado desprazou ás preguntas sobre o rumbo que debe tomar a educación e sobre os problemas de convivencia existentes nas nosas sociedades. Os dereitos humanos interpelan moralmente ao Estado para que dirixa actuacións en aras da súa consecución, pero nos tempos que corren parece que o dereito á educación, ao igual que outros tantos, está sendo asolagado por políticas que suscitan no dominio educativo unha concepción economicista encamiñada á excelencia do produto, á competitividade institucional e de rendemento que só consegue, dende a nosa valoración, o esvaecemento dese dereito á educación. Esta convicción incrementa a necesidade de respostas activas por parte dos profesionais da educación a fin de que, desde posicións de compromiso, participen na construción da cidadanía democrática que merecemos compartir.

En definitiva, a aprendizaxe da responsabilidade ética é necesaria e imprescindible para os individuos, para as sociedades e para a renovación da sociedade democrática; de aí a importancia da súa presenza, tanto disciplinar como transversal, en todos os niveis educativos. E por iso, o compromiso ético na profesión docente debe ser unha das dimensións claves na formación pedagóxica, entendida como coñecemento de referencia de todos os educadores e profesores.

## BIBLIOGRAFÍA

- Baptista, I. (2005). *Dar rostro ao futuro: A educación como compromiso ético*. Porto: Profedições.
- Caride Gómez, J. A. (2009). (Coord.). *Los derechos humanos en la educación y la cultura. Del discurso político a las prácticas educativas*. (pp. 27-71). Rosario (Argentina): Homo Sapiens Ediciones.
- Cortina, A. (Coord.). (2000). *La educación y los valores*. Madrid: Biblioteca Nueva.
- Cortina, A. (2007). *Ética de la razón cordial. Educar en la ciudadanía en el siglo XXI*. Oviedo: Nobel.
- Feito, R. (2006). *Otra escuela es posible*. Madrid: Siglo XXI.
- Fleck, M. y Prats, E. (2001). *Un lugar llamado escuela en la sociedad de la información y de la diversidad*. Barcelona: Ariel.
- Fullam, M. (2002). *Los nuevos significados del cambio en la educación*. Barcelona: Octaedro.
- García, R.; Jover, G. y Escámez, J. (2010). *Ética profesional docente*. Madrid: Síntesis.
- Hargreaves, A. (2003). *Enseñar en la sociedad del conocimiento. La educación en la era de la inventiva*. Barcelona: Octaedro.



- Imbernón, F. (2007). *La formación permanente del profesorado. Nuevas ideas para formar en la innovación y el cambio*. Barcelona: Graó.
- Morin, E. (1990). *Introdução ao Pensamento Complexo*. Lisboa: Instituto Piaget.
- Nussbaum, M.C. (2005). *El cultivo de la humanidad. Una defensa clásica de la reforma en la educación liberal*. Barcelona: Paidós.
- Nussbaum, M.C. (2010). *Sin fines de lucro. Por qué la democracia necesita de las humanidades*. Buenos Aires: Katz Editores.
- Savater, F. (1997). *El valor de educar*. Barcelona: Ariel.
- Whitty, G. et alii (1999). *La Escuela, el Estado y el Mercado. Delegación de poderes y elección en la educación*. Madrid: Morata.